

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DAS MEDALLAS DE GALICIA 2015

Santiago, 24 de xullo de 2015.

Autoridades presentes,
premiados coas Medallas de Galicia,
señoras e señores:

Nun dos versos máis memorables do noso himno, Eduardo Pondal desexa con forza que Galicia ‘esperte do seu sono’. O noso poeta clamaba así por un futuro que semellaba inalcanzable para a nosa terra, como se estivese condenada a unha especie de cadea perpetua.

Aquela Galicia subxugada puido escoller entre varias opcións para liberarse. Como outros pobos en contextos semellantes, puido loitar por iso en cruentas batallas. Quizais tamén encomendarse á sorte duns poucos elixidos. Ou simplemente agardar a que algún mesías forasteiro lle mostrase o camiño da salvación. Porén, a historia ensínanos que Galicia preferiu trazar unha ruta xenuína para sobrepoñerse a aquelas épocas de letargo.

Quen sabe se foi a experiencia peregrina que nos acompaña desde hai tantos séculos a que nos fixo comprender que, ante calquera ameaza, a mellor resistencia posible reside en algo que non se ve. Esa galegitude afincada no sentimento, e non en ningún lugar concreto, é o que nos fixo sempre –e o que nos fai– inexpugnables. Por sorte, ninguén informou os nosos inimigos desa tendencia tan nosa de prolongar Galicia se non queda outro remedio en latitudes afastadas, porque así foi como lles ganamos e nos perpetuamos.

Hoxe podemos dicir que Galicia está esperta porque aqueles que como Xosé Neira Vilas cruzaron o Océano levaron ás costas algo máis que a amargura da emigración e algo máis que unha simple maleta. Aqueles fillos que se foron cargaron tamén coa nosa memoria e, dalgunha maneira, convertéronse nos pais que a protexeron.

Foron moitos os que custodiaron Galicia e moitas as maneiras en que o conseguiron. O noso escritor de Gres fíxoo a través da literatura. Ninguén sabería de onde vimos, ninguén entendería de todo o que somos, sen repasar a obra de Neira Vilas. É un manual para comprender Galicia. E para querela. Non só pola pureza e a sinxeleza da súa palabra, senón sobre todo porque nunca lle agradeceremos o suficiente que rescatase a Balbino para nós desa aldea na que case todos nos recoñecemos.



A gran maioría recordamos sobre todo aquel rapaz por ser 'coma quen dis, un ninguén'. Ese carácter tan pouco pretencioso é seguramente un dos trazos nos que os galegos máis nos vemos reflectidos, pero sería inxusto pensar que é o único que compartimos con el. Así que, démoslle a palabra un momento: 'Hai quen di que todo o que nos acontece está sinalado de antemán. Que andamos por camiños mallados. Cadaquén vai polo seu, queira que non, coma se o levase un anxo ou unha meiga. Eu non creo tal cousa'.

Aínda que seguramente nin sequera soñase coa Galicia de hoxe, Balbino –xa o oíron-- non cre no destino, e os galegos tampouco.

Por iso, non é o azar, senón a suma de moitos 'ninguéns' a que lle permitiu ao noso país erguerse e espertar. Somos herdeiros dunha terra moitas veces ingrata, pero que entre todos soubemos transformar.

Fixémolo, como comentabamos, sen loitas e sen amargura. E xuntos. Cómpre que o recordemos porque antes e agora sucumbir á tentación de fragmentarnos só podería conducirnos a un funesto desenlace.

A clave dos nosos éxitos máis recentes non está na división, nin por cuestións de pensamento nin por cuestión xeracionais, senón na nosa capacidade para aprender daquel espírito comunitario que mamamos nas xuntanzas cos avós arredor da lareira, na feira ou no adro, e que non debemos esquecer.

Velaí, na miña opinión, o gran éxito da nosa Autonomía. O mérito principal transcende o levantamento dunhas institucións que representen a todos, e radica na capacidade para crear as canles que permitan a todos os galegos construír país mediante as súas tarefas cotiás.

Manuel Sánchez Salorio é un deses arquitectos, e ademais nalgunha das nosas obras máis importantes: na Sanidade Pública que –coma el-- levantan a diario miles de profesionais, e na Universidade pública que –con xente coma el-- constrúe o futuro do noso país, e que ten precisamente na Facultade de Medicina un dos seus grandes referentes.

Poucos poderían dicir hai uns anos que Galicia tería un sistema sanitario público con capacidade para resistir calquera comparativa no mundo. Poucos que en Galicia estaría – por exemplo-- a Escola Galega de Oftalmoloxía da que saíron algúns dos oculistas máis prestixiosos. Poucos que aquí se concibirían centos de publicacións e de investigacións que contradín aos que pensaban que Galicia estaba dominada pola irrelevancia científica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con ese pesimismo, ningún dos éxitos que compoñen a biografía do profesor e doutor Sánchez Salorio sería posible, do mesmo xeito que tampouco se explicarían cun comportamento egocéntrico que nel nunca existiu.

Movido sempre por unha vocación humanista, o seu labor sanitario e docente fíxoo e faino para os demais e cos demais. Responsable da formación de 20 catedráticos de Medicina e 182 oftalmólogos, el sabe mellor ca ninguén que a dispersión de esforzos, os vans personalismos, os enfrontamentos absurdos, son atrancos nunha disciplina como a súa, que está destinada en última instancia, e como todos os servizos públicos, ao ben común.

Por iso, cómpre que lle agradezamos todas as súas achegas e, de forma especial, ese convencemento levado á práctica para que o coñecemento non se interrompa, senón que se transfira de xeración en xeración.

O paralelismo é evidente. As potencialidades non se suman, senón que se multiplican, cando unha sociedade actúa dese xeito: facendo posible a mestura da experiencia coas novas ideas.

Si, o noso país faríase máis pequeno se minimizara a importancia do que, entre todos, conseguimos ao longo dos últimos anos. Igual que se equivocaría infravalorando os logros duns galegos sobre os dos outros. Por iso sorprende, querido David Cal, que consideres un exceso que Galicia coloque os teus éxitos á altura dalgúns dos nosos máximos referentes en disciplinas diferentes á túa.

Bastaría con recordar o teu palmarés como o olímpico español máis laureado da historia para xustificar que recibas a máxima distinción da nosa terra. Bastaría con rememorar que fuches un galego abandeirado de España e un español abandeirado de Galicia. Pero certamente non está aí a nosa principal motivación para que hoxe recibas esta Medalla.

Temos Comunidade porque hai unha cultura, un Estado do Benestar e mesmo unha economía común, pero temos Comunidade sobre todo porque existen valores que compartimos. Un pobo, un país, ten a súa principal fortaleza nese cimento humano. E como se poden representar eses valores? Pois cadaquén desde as súas respectivas responsabilidades. Na Literatura, na Medicina, no Xornalismo ou, como no teu caso, no Deporte.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Grazas a ti, Galicia pode considerarse un país máis afortunado porque, máis alá dos premios, posúes virtudes que son un exemplo para todos nós: a fortaleza, a constancia, a humildade. Sabemos que sempre fuxiches da autopropaganda, e por iso agradecemos que hoxe nos deixes que te incorporem cunha celebración humilde pero sentida a ese conxunto de mulleres e de homes que facedes máis grande a nosa terra.

Nese palmarés de galegos de ben non se exige comulgar con ningún dogma nin posuír ningún carné que acredite procedencia algunha. Nel caben todos os que traballen e queiran esta terra. Enrique Beotas demostrou que non é preciso ser galego para amar Galicia, nin tampouco para engrandecela. Co permiso das súas Anas, tanto quería esta terra que pensou que Galicia non cabía en Galicia, nin tampouco nesa quinta provincia que crearon os nosos emigrantes en Latinoamérica. E por iso creou a sexta.

Como se fose o noso particular Colón do século XX, descubriu unha nova provincia incógnita ata aquel momento, ateigada de galegos de nacemento ou de vocación, que contribúen a esta terra desde dentro ou desde fóra, nas máis diversas disciplinas, formando sen sabelo unha gran familia.

A súa Sexta Provincia amosa importantes exemplos individuais, pero conxuntamente ten unha fortaleza aínda moi superior. Posúe a gran virtude da pluralidade, e reflicte esa cordialidade galeguista que dá por válidas todas as maneiras de querer a nosa terra, cando teñen como único obxectivo que medre en liberdade e en benestar.

Por iso, agora que o noso amigo Enrique nos falta, habemos de ser capaces de seguir poboando esa provincia que non terá sitio nas cartografías, pero que é fundamental na Galicia do sentimento da que lles falaba ao comezo.

Amigas e amigos, quixese convidalos a reparar no que une os premiados coas Medallas de Ouro de Galicia deste ano. Que pode ter que ver un escritor de Vila de Cruces cun doutor oftalmólogo oriúndo da Coruña? Que une a un medallista olímpico do Morrazo cun xornalista galego nacido en Ávila?

Teño para min que todos eles son a representación do noso país e da súa gran sabedoría. E en que radica fundamentalmente? Na miña opinión, en lograr que a Autonomía non fose unha escusa para pecharnos en nós mesmos, senón unha oportunidade para enriquecernos: a Galicia de hoxe é o resultado de querer avanzar con outros, nunca contra outros.

Esa Galicia modesta, pero forte e aberta, está presente nas *Memorias dun neno labrego*, e por iso é o libro máis lido fóra das nosas fronteiras. Porque cando se transmite verdade, esta percíbese en inglés, en francés, en alemán, en checo, en ruso, en maia, en esperanto ou en braille.

Esa Galicia modesta, pero forte e aberta, está presente no traballo do profesor Sánchez Salorio, nos seus estudos e nos seus discípulos.

Esa Galicia modesta, pero forte e aberta, está presente en cada competición disputada por David Cal.

E esa Galicia modesta, pero forte e aberta, está presente na Sexta Provincia que imaxinou Enrique Beotas, pero que lonxe de ser unha fantasía, é unha prolongación da nosa terra moi real, que o fan para sempre un galego inesquecible.

A súa memoria está hoxe presente polo seu labor, pero non exclusivamente. E como a el, e como sei que fai toda Galicia, quero recordar as outras 78 persoas que hai dous anos tamén nos deixaron en Angrois, ao igual que aos feridos e ás familias de todos eles.

Todos os Días de Galicia quedarán marcados polo ocorrido aquel 24 de xullo de 2013. Polo peor, a ausencia dos que se foron. E polo mellor, o exemplo de todo o pobo galego. Con esa eterna mestura de tristeza e de orgullo, convido a todos os galegos a que vivan o noso Día de Galicia.

En hora boa aos premiados e moitas grazas a todos pola atención.